

## XORNADA DE SENSIBILIZACIÓN SOBRE A ENSINANZA RELIXIOSA

CARTA DOS BISPOS DE GALICIA. 13 de Maio de 2018

**Benqueridos pais e nais.**

Unha vez máis os Bispos de Galicia dirixímonos a vós para falarvos da importancia da educación relixiosa dos vosos fillos. De seguro que nestes días estades a recibir desde os centros educativos unha solicitude para formalizar a petición para que podan recibir a formación relixiosa. Queremos lembraros que a formación relixiosa é:

**Unha necesidade.** A ensinanza relixiosa contribúe ao desenvolvemento integral da persoa. A finalidade máis fonda da educación é potenciar todas as dimensións da vida, tamén a relixiosa, que é parte esencial de toda persoa e da nosa cultura. Nunha sociedade onde o relixioso é, ás veces, criticado ou desprezado, pedímosvos que non vos deixedes levar por unha mal chamada modernidade que pretende desterrar a relixión da vida, da sociedade e dos centros educativos e procuredes proporcionar aos vosos fillos unhas actitudes e valores indispensables para levar unha vida con sentido nunha sociedade, ás veces, tan carente de valores persoais, sociais e relixiosos.

Sen dúbida queredes que os vosos fillos progresen no coñecemento das matemáticas, sociais ou literatura.

**Pero non permitades que medren sen unha cultura impregnada de cristianismo e de formación relixiosa católica.**

**Un dereito.** O saber relixioso non pode quedar á marxe dos procesos educativos. A presenza da relixión no marco escolar non é unha concesión que un goberno permite segundo a súa ideoloxía ou un privilexio que reclaman as Confesións Relixiosas. É un dereito fundamental que vós, pais, tendes recoñecido e garantido pola Constitución, as leis educativas e implantado en toda Europa.

Na educación dos vosos fillos sodes vós, e só vós, os que tendes ese dereito. Todo goberno que se proclame democrático e as institucións educativas, sociais e sindicais deben respectar o dereito a que os vosos fillos sexan educados segundo ás vosas conviccións relixiosas e morais. Non existe ningunha razón de aconfesionalidade ou dun mal chamado progresismo que poda privarvos dese dereito que tendes como pais.

**Non permitades que sexan outros os que marquen a educación dos vosos fillos. Ese é un dereito voso.**

**Unha responsabilidade.** Hoxe queremos facervos unha chamada á vosa responsabilidade educativa. Non permanezades indiferentes ante o dereito e o deber de solicitar a ensinanza relixiosa nos centros educativos. Lembrao o compromiso cristiá que asumistes no seu bautismo. Suporía unha contradición pedir, na parroquia, os sacramentos e desprezar logo a ensinanza relixiosa nos colexios.

A fe e a mensaxe do evanxeo non son inimigos da felicidade persoal nin do ben da sociedade. Os cristiáns cremos que en Xesucristo e na súa Palabra atopamos aqueles valores que poden darnos o pleno sentido da vida, do mundo e da historia. A ensinanza relixiosa pretende, en diálogo coas demais materias ofrecer a resposta cristiá ás grandes preguntas da vida para atopar nela a luz que lles ilumine en todos os momentos da súa vida.

**Solicitude, de forma consciente, libre e responsable, a ensinanza relixiosa para os vosos fillos.**

Co noso agradecemento e apoio aos sacerdotes, aos pais e profesores que entregades xenerosamente o mellor de vós na importante tarefa da educación, bendicímosvos con afecto no Señor e vos encomendamos nas nosas oracións.

+ Julián, Arcebispo de Santiago. + Luis, Bispo de Tui-Vigo. + Alfonso, Bispo de Lugo. + José Leonardo, Bispo de Ourense. + Luis Ángel cmf, Bispo de Mondoñedo-Ferrol. + Jesús, Bispo Auxiliar de Santiago.